

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A AUTORIDADE
PORTUARIA DA CORUÑA PARA A CESIÓN DE USO E POSTA A DISPOSICIÓN DOS LOCAIS
SDO1G, SDO1N, SDO2F E SDO2G NA DÁRSENA DE OZA NO PORTO DA CORUÑA***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Silvia Cortiñas Fernández, secretaria xeral técnica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar coa Autoridade Portuaria da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 27 de febreiro de 2024, ata o 27 de febreiro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións para a cesión de uso e posta a disposición do Servizo de Gardacostas de Galicia dos locais SDO1G, SDO1N, SDO2F e SDO2G da Dársena de Oza do Porto da Coruña, para a realización de labores administrativas, vestiario e almacenaxe de materiais e equipos necesarios para o bo funcionamento da base da Coruña.

Os locais non poderán destinarse a usos distintos dos expresados, salvo autorización expresa da Autoridade Portuaria, que se anexionará ao presente convenio.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

Compromiso da Autoridade Portuaria.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



- A cesión do uso dos locais SDO1G, SDO1N, SDO2F e SDO2G da Dársena de Oza á base da Coruña do Servizo de Gardacostas de Galicia, poñéndoo a súa disposición para a súa utilización para a realización de labores administrativos, vestiario e almacenaxe de materiais e equipos necesarios para o bo funcionamento da Unidade Operativa da Coruña, non sendo a Autoridade Portuaria responsable do deterioro ou perda das mercancías, maquinaria ou útiles depositados no dominio público cuxo uso se cede.

Compromiso do Servizo de Gardacostas de Galicia:

- Destinar os locais aos usos establecidos no presente convenio. Calquera posible alteración posterior no obxecto da utilización do local requirirá un novo acordo anterior e expreso do consello de administración da Autoridade Portuaria, como órgano de goberno da dita entidade.
- Non se poderán realizar obras ou modificación no local salvo que sexan debidamente xustificadas e solicitadas á Autoridade Portuaria e expresamente autorizadas por ela.
- Será por conta do Servizo de Gardacostas de Galicia todo tipo de gastos que, por calquera circunstancia, se produza en relación coa utilización do locais incluíndo de forma expresa e non excluínste, todos os tributos e consumos que poidan producir para o efecto.
- O Servizo de Gardacostas de Galicia obrígase a conservar o dominio público concedido, en perfecto estado de uso, limpeza, hixiene e ornato, realizando ao seu cargo as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas vinculadas a tal obriga.
- O Servizo de Gardacostas de Galicia contratará os servizos necesarios (tales como electricidade, auga, teléfono, internet, etc.) para a utilización das instalacións, sendo pola súa conta os requirimentos que lle impoñan as empresas ou entidades coas que contrate, así como os gastos da contratación e os consumos dos correspondentes servizos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



- A Consellería do Mar, a través das unidades do Servizo de Gardacostas de Galicia, desempeña funcións de inspección, prevención e corrección en materia de pesca, marisqueo e acuicultura da zona marítima de Galicia, realizando as actuacións necesarias para a protección dos recursos marítimo-pesqueiros e acuícolas. Así mesmo, ten encomendadas funcións en materia de salvamento marítimo, velando polo cumprimento das normas de seguridade e de realización das actuacións necesaria en materia de loita contra a contaminación mariña accidental.

Que para o exercicio e cumprimento destas funcións, esta entidade conta cunha base na Coruña, dispoñendo dos medios necesarios, entre os que atopan tanto persoal como embarcacións, cuxo atraque se atopa dentro das instalacións portuarias e equipamento.

Que para dar un adecuado servizo, o Servizo de Gardacostas de Galicia solicita autorización para ocupar os locais situados nas naves 1 e 2 de servizos diversos da Dársena de Oza.

Que o apartado 3 do artigo 73 do Real decreto legislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da mariña mercante, dispón que cando sexa precisa a utilización do dominio público portuario polas administracións das comunidades autónomas ou por calquera organismo ou entidade dependente delas respecto daquelas comunidades que prevexan na súa lexislación un réxime similar de utilización de bens demaniais da súa titularidade pola Administración Xeral do Estado ou os seus organismo públicos, deberá ser subscrito o correspondente convenio, no que se establecerán as condicións de utilización, así como as taxas e custes que de ser o caso, deberá asumir aquel.

- Que a Autoridade Portuaria considera que se trata dunha utilización de dominio público portuario compatible coa normal explotación do peirao.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago a

(asinado dixitalmente)

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

